

## PAISAXE E ALMA EN NADAL

Atravesando un tempo de adventos portentosos  
dentro da alma más que dos ollos,  
pero máis corporal que un paxaro entre as mans.

(Estáo a dicir un Neno,  
a alborada dun Neno, cos seus brazos  
que sulcan como ás  
nun voo superior que habita ó mundo).

Atravesando o tempo, escrito está  
nas veas mesmas do aire  
e no tremor azulísimo  
duns peitos inmensos de muller de Xudea.  
Escrita está no silencio  
esta noito balsámica,  
meridiana e aberta,  
onde se rompe o tempo que celebran as pombas  
na paz serena da noticia  
de que Deus se vén ata esta vida  
tremenda de vivir.

Escrito está no aire  
o día da Noite que desposa  
nimbos e ritos, onde só El sabe  
da luz que nos sementa e nos fecunda.

Escrito nesta hora xamais interrumpida,  
porque nunca tan forte de futuro  
medra a árbore  
e a sombra de home que exercemos:  
Porque a toda esperanza chega un Neno  
desde as pombas de tódalas promesas.

Contra o ermo do pranto é Nadal.  
Noiteboa no home é o Amor  
e o perfume do inverno nunha hora da alma:  
O Amor, totalmente,  
camiñando os pes das humildades,  
abrindo as portas do misterio.  
O Amor, sinxelamente,  
sen acenos de élite, sen pompa.

Tregua de Deus para prestarlle asilo  
á torpeza gris da nosa neve.  
Este frío asediado pola luz dunha estrela  
que borra ese naufraxio en que habitamos,  
que inunda o corazón, e que non durme  
por chegar sempre a tempo para todos.